

Día das Letras Galegas

# Manuel Rivas, Margarita Ledo e Xohán Cabana tomarán a palabra na sesión extraordinaria da RAG A Academia Galega rende homenaxe a Novoneyra na súa terra do Courel

Feijóo: "Non quero que ningún pai da patria me diga o que teño que dicir ou o que teño que falar"

A localidade de Folgoso é o escenario do acto adicado ao autor de 'Os Eidos', "espléndida luminaria poética que fixo máis habitable a segunda metade do século XX", segundo Ferrín

Redacción  
A CORUÑA

A localidade lucense de Folgoso do Courel acolle hoxe os actos centrais do Día das Letras Galegas en homenaxe ao poeta Uxío Novoneyra, un evento institucional organizado pola Real Academia Galega (RAG) para recordar quen foi, en palabras do seu presidente, Xosé Luís Méndez Ferrín, "unha espléndida luminaria poética que fixo máis habitable a segunda metade do século XX".

A RAG celebrará unha sesión plenaria extraordinaria e pública na antiga escola Seoane, a partir das 12.00 horas, nas que intervirán os académicos Manuel Rivas, Margarita Ledo, Dario Xohán Cabana e Manuel González. Posteriormente, pechará o acto o propio Ferrín para despois, ás 13.30 horas, celebrar a inauguración do novo CPI Poeta Uxío Novoneyra.

Este evento conmemorativo veráse acompañado de diferentes actos de homenaxe nas catro provincias galegas, impulsados por concellos, institucións e asociacións de todo tipo co obxecto de reivindicar a figura do poeta a través da literatura, a reedición das súas obras máis destacadas, ou actuacións musicais.


A Consellería de Cultura e Turismo organizou unha actuación especial no centro de Ensino de O Courel — 13.00 horas — a través do grupo artístico Tender a man, conformado pola poetisa Yolanda Castaño e Branca Novoneyra, filla do poeta, para mostrar "un novo xeito de ver e comunicar a poesía máis novo e actual".

Ademais, organizou un ciclo de sete concertos denominado *Interseccións. A ollada de Novoneyra*, un espectáculo ao cargo do compositor Emilio Cao no que colaborou "con letra" o propio poeta homenaxeado, durante os últimos anos da súa vida.

Ademais de actos en diferentes localidades, o Museo do Pobo galego acolle unha mostra de primeiras edicións e colaboracións en publicacións en torno á obra do homenaxeado, que se poderá visitar ata o 30 de maio.

Uxío Novoneyra naceu en Folgoso do Courel en 1930 e ao longo da súa vida consagrouse como un dos referentes da poesía galega contemporánea. Na súa bibliografía, destaca a publicación de *Os Eidos*, a súa obra de referencia, a través da Editorial Galaxia dirixida por Ramón Piñeiro.

Esta obra recolle poemas escritos entre os anos 1952 e 1953, aínda que outros varios dos poemas máis destacados do autor foron publicados en revistas e panfletos an-



## Letras para compoñer 'Chove para que eu soñe'

Unha vintena de artistas e escritores galegos participaron onte nunha homenaxe ao escritor Uxío Novoneyra — a quen hoxe se lle dedica o Día das Letras Galegas — na Praza do Obradoiro de Santiago, onde tivo lugar un singular acto organizado polo pintor Antón Patiño centrado no poema en verso chamado *Chove para*

*que eu soñe*". Os participantes — entre os que se atopaban Antón Reixa, Marilar Aleixandre, Xosé María Álvarez Caccamo, Miguel Anxo Fernán-Vello ou MENCHU LAMAS — sostíñan cada unha das letras do poema, e suxeitaban un paraguas vermello no que se podían ver signos abstractos debuxados por Patiño.

## 500 entidades apoian a manifestación a prol da lingua galega, hoxe, en Santiago

A plataforma Queremos Galego prevé unha participación "histórica" na manifestación convocada para hoxe en Santiago co motivo do Día das Letras Galegas e que, en este ano unirá a "defensa da lingua gallega" coa do "desenrolo económico".

A marcha, precisamente, acudirán os representantes das máis de 500 entidades que aglutina a plataforma, entre elas, o sindicato CIG-Ensino, o Sindicato Labrego Galego, Galiza Nova, Esquerda Unida, a Asociación de Escritores en Lingua Galega ou diversas asociacións xuvenís e sociais. Neste marco, uniránse á convocatoria os voceiros e as executivas de PSdeG e BNG.

Os sindicatos CCOO e UGT Galicia elaboraron un manifesto conxunto no que sitúa aos traballadores como "depositarios dese patrimonio" que representa a lingua galega. "Asumimos a responsabilidade de coidalo, protexelo e difundilo, como manifestación de cidadanía responsable", sinalan, tras confirmar a súa participación nas actividades da plataforma Galego Patrimonio, que confirmou a súa asistencia á protesta na capital galega.

O portavoz da plataforma, Carlos Callón, reivindicou a importancia de dar resposta á política da Xun-

ta prestidada por Alberto Núñez Feijóo, "un presidente que non cree no país, nin na súa economía, na súa lingua e a súa cultura", lamentou.

Callón contrapuso a posición do PP "en contra" de que o galego sexa un "idioma utilizado no Senado" á da "inmensa maioría — de cidadanos —, que defenden a súa lingua como galegos" fronte "ó inimigo número un da cultura". Callón vinculou tamén os "procesos de recuperación" lingüística noutras comunidades autónomas cun progresivo "fortalecemento económico". Argumentou que a situación do idioma é "un termómetro" do desenrolo xeral dun territorio.

Ademais de estixir a Feijóo "que cumpra a lexislación" vixente en materia idiomática, pediu ao executivo autonómico que "deixe de malgastar, o diñeiro público para atacar" ao gallego, en alusión a unha posible campaña de promoción do decreto do plurilingüismo e á que se destinaria perto de un millón de euros. "Un insulto para as familias que sufren a crisis económica", aseveró Callón, e recordou que é unha partida que promocionará unha norma "rexeitada polos sindicatos e polo Consello Escolar de Galicia".

tes de ser recompilados en libros posteriores. O cofeado como 'poeta do Courel' faleceu o 30 de outubro de 1999, en Santiago de Compostela.

O conselleiro de Cultura, Roberto Varela, dixo sobre a poesía de

Novoneyra, que "a súa obra segue tan presente entre nós e tan de actualidade como o día no que os versos saíron da súa pluma". Varela afirmou que adicar o Día das Letras Galegas ao poeta do Courel "era unha obriga que tiñamos pendente".

"O Día das Letras Galegas sirviu para concienciar á nosa terra da longa historia e brillante poder literario da lingua propia. Despois de 47 edicións da gran festa das nosas letras, desde aquel primeiro día, a súa importancia e vixencia no

deixan de medrar", indicou. Destacou que neste 17 de maio "celebramos de novo o día grande da literatura e da lingua galega e temos o pracer e o orgullo de homenaxear a un dos máis brillantes poetas da segunda metade do século XX".

O titular da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, erixiu ao PPdeG en "garantía de Galicia", ante o que opón a existencia doutros partidos políticos "aos que non lles gusta como é" a Comunidade galega e, por iso, ao seu xuízo, "sempre están a inventar unha Galicia que non existe". "Non quero que ningún pai da patria me diga o que teño que dicir ou o que teño que falar", asevera.

Nunha intervención na romaxe organizada polos populares en Forcarei (Pontevedra) con motivo da celebración, hoxe, do Día das Letras Galegas, Feijóo abandeirou, unha vez máis, un galleguismo "aberto e universal", que identificou con principios como liberdade e bilingüismo e contrapuxo á "imposición" que atribuíu aos partidos da oposición — BNG e PSdeG —.

"Non queremos un galleguismo de exclusións nin estridencias", argumentou o líder do PP de Galicia, acompañado no acto polos catro presidentes provinciais, catro conselleiros — os de Cultura, Educación, Medio Rural e Presidencia: Roberto Varela, Jesús Vázquez, Samuel Juárez e Alfonso Rueda, respectivamente —, a deputada no Congreso Ana Pastor, delegados territoriais e outros cargos do partido.

Nesta liña, e ante a manifestación convocada pola plataforma Queremos Galego — que agrupa a diferentes formacións e colectivos e reivindica a retirada do decreto do plurilingüismo na educación da actual Xunta —, o xefe do Executivo autonómico asegurou que "non hai que berrar". O galleguismo, "amable e confiable", "hai que sentílo", engadiu, para recalcar que, na súa idea de "amor polo país", "non sobra ningún".

Ante máis de mil a filiados e simpatizantes que ao termo do mitin degustaron pratos tradicionais da gastronomía galega como polbo á feira e carne ao caldeiro, Feijóo reivindicou o galleguismo como "unha forma de ser, de vivir e de querer". "Non é unha cuestión retórica, nin de ética, nin de modas, nin de modismos", proclamou e engadiu que "ou se sente ou non se sente", pero "non se pode improvisar".

"Somos galleguistas porque practicamos, porque temos un compromiso permanente co país", arengou o presidente do PP en Forcarei.

O deputado do BNG no Parlamento galego Bieito Lobeira denunciou onte que a Xunta excluíu dos concellos de menos de 3.000 habitantes das axudas para o mantemento dos servizos de normalización lingüística.